

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE SETEMBRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/70/2016.- COCIÑA AVATAR, S. L.- Conceder a licenza de obras para a construción dunha edificación destinada a vivenda, restaurante e sala de grabación TV no lugar de Formarís – Enfesta.

LIC/1610/2015.- PEDRO GARCÍA MARTÍNEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada en lugar de Cortos nº 20.

LIC/637/2013.- IGNACIO CEREIJO PAZOS.- Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar Torre da Enfesta (A). Polig. 511 – Parc. 1313.

LIC/1570/2013.- INVERSIONES NAVAZA-EIRAS, S. L.- Conceder licenza para a rehabilitación da vivenda sita en rúa Trinidad (da) nº 11.

LIC/977/2015.- ESTRELLA 1009, S.L.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha edificación entre medianeiras sita na rúa das Hortas nº 40.

LIC/1887/2015.- MANUEL ANTONIO PARDO PASCUAL.- Demolición parcial de vivenda sita en rúa Betanzos nº 22 .

LIC/268/2016.- CONCENTRA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S. A.- Conceder a licenza para executar as obras de edificación destinada a sala de caldeiras e silo de biomasa en rúa San Caetano Edificio Administrativo- rúa Otero Pedraio nº 12 – 14.

LIC/364/2015.- JUAN IGNACIO REY REY.- Conceder licenza para executar as obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa do Olvido nº 5.

LIC/618/2016.- DIRECCION GENERAL DE ARQUITECTURA VIVENDA Y SUELO.- Conceder licenza para executar as obras de restauración do cimborrio da catedral de Santiago en Praza do Obradoiro.

LIC/1553/2015.- PREBETONG ARIDOS SLU.- Conceder licenza para a legalización da edificación e instalacións existentes na canteira sita en Lugar de Aradas – A Peregrina.

DESFAVORABLES.-

LIC/1653/2015.- CASTRORAMOS SL.- Denegar a licenza para a execución dun muro de contención na rúa María de los Ángeles de la Gándara (Chocha B) Parcela 26.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para obras para a construción dunha edificación destinada a vivenda, restaurante e sala de gravación TV no lugar de Formarís-Enfesta. LAP/70/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Cortos, nº 20. LIC/1610/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar Torre da Enfesta (A).Polig.511-Parc.1313. LIC/637/2013. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación da vivenda sita en rúa Trinidad (da) nº 11. LIC/1570/2013. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha edificación entre medianeiras sita na rúa das Hortas, nº 40. LIC/977/2015. Apróbase a

proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para demolición parcial de vivenda sita en rúa Betanzos, nº 22. LIC/1887/2015. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de edificación destinada a sala de caldeiras e silo de biomasa na rúa San Caetano Edificio Administrativo-rúa Otero Pedraio, nº 12-14. LIC/268/2016. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa do Olvido, nº 5. LIC/364/2015. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de restauración do ciborio da catedral de Santiago na Praza do Obradoiro. LIC/618/2016. Acórdase conceder á Dirección General de Arquitectura, Vivienda y Suelo a licenza para a restauración do ciborio da Catedral, unha obra cun orzamento de execución de 899.530,91 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a legalización da edificación e instalacións existentes na canteira sita en Lugar de Aradas - A Peregrina. LIC/1553/2015. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da licenza para a execución dun muro de contención na rúa María de los Ángeles de la Gándara (Chocha B) Parcela 26. LIC/1653/2015. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto de repavimentación do Parque de Santa Susana. Apróbase o proxecto, condicionado á realización dunha proba previa de execución da intervención que deberá ser valorada pola Comisión Asesora de Patrimonio. O novo pavimento a executar deberá manter a cor e textura do pavimento actual dos paseos da Alameda, para non alternar a imaxe do conxunto, evitando no posible a aparición de parches ou discontinuidades no acabado final. O orzamento das obras será de 140.187,24 euros, IVE incluído, e o prazo de execución será de dous meses.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto reformado de reurbanización da rúa Rapa da Folla. Apróbase o novo proxecto técnico de reurbanización da rúa Rapa da Folla, coas condicións de que o paso de peóns da beirarrúa que comunica coa Avenida das Casas de Compostela deberá realizarse con lousas de pedra das mesmas características que as utilizadas en Carreira do Conde; e de que os encontros entre o borde da zona verde proxectada e a beirarrúa de pedra existente deberán resolverse co mesmo detalle e tipoloxía do encontro xa executado coa zona verde da Carreira do Conde. O contrato terá un tipo de licitación de 44.846,58 euros (IVE incluído), e o prazo máximo de execución será de cinco semanas.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do proxecto técnico de expropiación para a execución do Plan Especial de protección e acondicionamento do Parque arqueolóxico de A Rocha (PR-7). Acórdase iniciar o procedemento de expropiación, por taxación conxunta, dos bens e dereitos incluídos como de necesaria incorporación ao dominio público no Plan Especial de protección e acondicionamento do Parque arqueolóxico da Rocha. As follas de xustiprezo propostas polo Concello acadan a cantidade de 174.697 euros. O proxecto será sometido a información pública polo prazo dun mes.

16.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maires 2015". Apróbase a proposta.

17.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Subministro de prendas

superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade (subdividido en 3 lotes diferenciados pola súa natureza) para a Policía Local de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

18.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Servizo de mantemento de aplicacións de T-SYSTEMS durante o exercicio 2011 (xaneiro a decembro) (inclúe Xestión Tributaria e Recadatoria, Padrón de habitantes e convocatorias electorais)". Apróbase a proposta.

19.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Servizo de mantemento de aplicacións de T-SYSTEMS durante o exercicio 2013 (xaneiro a decembro) (inclúe xestión tributaria e recadatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais)". Apróbase a proposta.

20.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Servizo de mantemento de aplicacións de T-SYSTEMS durante o exercicio 2012 (xaneiro a decembro) (Inclúe xestión tributaria e recadatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais)". Apróbase a proposta.

21.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Servizo de mantemento de aplicacións de T-SYSTEMS durante o exercicio 2009 (xaneiro a decembro) (inclúe Xestión Tributaria e Recadatoria, Inspección, Padrón de habitantes e convocatorias electorais)". Apróbase a proposta.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á adopción de acordo no expediente do servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017. (CON/49/2015). De acordo co informe xurídico, declárase a inexistencia de dolo, culpa ou negligencia na retirada das ofertas das empresas Serunión SL e Villasenín SL á licitación "Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017, polo que non procede a declaración de prohibición de contratar co Concello de Santiago. Da documentación obrante no expediente despréndese que a empresa Perea Rojas SLU puido incorrer en culpa ou negligencia ao retirar a súa proposición a esa licitación, polo que se propón iniciar procedemento de declaración da concorrencia de prohibición de contratar co Concello de Santiago.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Educación dando conta da resolución da subvención para a realización de actividades educativas e culturais para 2016. Dase conta da subvención concedida pola Deputación da Coruña ao Concello de Santiago, por un importe de 18.000 euros, que se repartirá a partes iguais entre os departamentos de Educación e Centros Socioculturais. A achega irá destinada a programas de animación á lectura, certame de danza, certame de teatro, Compostelagrafías, Artes Escénicas e Banquete de Conxo.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Educación dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello e o IES AS FONTIÑAS para o desenvolvemento da formación en centros de traballo para o curso escolar 2016-2017. Dase conta.

25.- Xustificación da subvención nominativa para CORRELINGUA 2016. Apróbase a proposta.

26.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación do convenio nominativo asinado coa FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO para 2016. Apróbase a proposta.

27.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación do convenio nominativo asinado co CLUB TRIATLÓN SANTIAGO para 2016. Apróbase a proposta.

28.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural dando conta da sinatura de diversos convenios entre o concello e entidades do sector cultural. Dase conta da sinatura dos convenios coas seguintes entidades:

- _ Numax: 12.000 euros
- _ Fundación Torrente Ballester: 15.000 euros
- _ Casa da Troia: 3.600 euros
- _ Música en Compostela: 3.825 euros
- _ Asociación O Galo: 2.000 euros

- _Asociación do Traxe Galego: 3.825 euros
- _Museo do Pobo Galego: 10.000 euros
- _Fundación Rosalía de Castro: 3.825 euros
- _Grupo de baile e música tradicionais Brincadeira: 3.500 euros
- _Ateneo de Santiago: 5.000 euros
- _Asociación cultural e musical Contoneson: 4.000 euros
- _Asociación Cultural Rocha Forte: 4.000 euros
- _Asociación Musical Solfa: 3.000 euros

30.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia, para a promoción da igualdade para 2016. Acórdase a solicitude dunha subvención dirixida ao programa municipal de conciliación, e ao apoio ao CIM, en concreto para o financiamento dos postos de dirección, atención psicolóxica e axente de igualdade. A subvención solicitada é de 69.000 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para declarar o departamento de Centros Socioculturais como servizo prioritario, a efectos de contratar persoal substituto. Apróbase a proposta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á ampliación do servizo de alumeadado público: Autorízase a realización das seguintes actuacións:

_Reforma de instalacións do alumeadado público no paso inferior de Área Central, por un importe de 18.635,91 euros. A actuación reducirá o consumo en 87.797 kw/ano, o que supón un aforro de 14.105 euros, de xeito que a actuación estará amortizada no período de 15 meses.

_Substitución de tubos fluorescentes por tubos led no alumeadado público, por un importe de 6.118,97 euros. A actuación reducirá o consumo en 38.759 kw/ano, o que equivale a 5.764 euros de aforro anual, de xeito que a actuación estará amortizada nun período de 13 meses.

_Instalación de baterías de condensadores en diversas dependencias municipais, por un importe de 5.378,45 euros. A actuación suporá un aforro de 5.475,71 euros/ano.

3.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda para deixar deserto o procedemento de contratación dunha póliza de seguro para cobertura dos riscos colectivos de accidentes para empregados do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á modificación do acordo de inicio de expediente de contratación da póliza de seguro para a cobertura dos riscos por responsabilidade civil-patrimonial do Concello de Santiago: Acórdase reanualizar as cantidades inicialmente reservadas para esta contratación, á vista de que se fai imposible a súa adxudicación no prazo previsto. Deste xeito tamén se libera o importe preciso para aprobar un contrato menor con este mesmo obxecto polo período dun mes.